

## SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS: SEMANA SANTA 2025

MEDIDA FINANCIADA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E POLO MINISTERIO DE IGUALDADE (Programa Plan Corresponsables)

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES DE VACACIÓNS LÚDICAS

**\* As solicitudes de inscrición deberán ir cumprimentadas, preferentemente e sempre que así se poida, ao nome da nai. Cando na mesma unidade familiar soliciten varios irmáns, unha solicitude farase a nome da nai e outra a nome do pai, sempre que sexa posible.**

- Fotocopia do DNI ou do Libro de Familia do/da menor participante.
- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor legal que realiza a inscrición
- Nome, apelidos e DNI das persoas autorizadas para a entrega e recollida da/o participante.
- Unha fotografía tamaño carné.
- Cuestionario médico-sanitario debidamente cuberto (incluído na solicitude)
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a participante.
- A protección de datos persoais deberá estar asinada por ambos proxenitores (incluída na solicitude)
- Título de familia numerosa, de se-lo caso.
- En caso de familias monoparentais ou monomarentais: certificado da Xunta.

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo aplicable.

### NORMAS DE FUNCIONAMENTO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS

- Deberase comunicar ás persoas responsables da actividade calquera cambio relacionado cos datos que figuran na ficha de inscrición.
- Prégase puntualidade na entrega e recollida das nenas e nenos.
- Os/as participantes deben levar vestimenta cómoda, axeitada e fácil de lavar para as actividades que se ofertan. Tamén é recomendable que os/as de menor idade traian algunha muda de reposto.
- Os nenos e nenas deberán acudir ao campamento provistos dunha mochila na que levarán unha botelliña de auga, un paquete de panos de papel e unha pequena merenda para media mañá (segundo un calendario semanal establecido). Todo deberá vir identificado co nome do neno ou nena.
- Non está permitido que os menores leven móbiles ou aparellos eléctricos á actividade.

**A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas**

**SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS: SEMANA SANTA 2025**

*MEDIDA FINANCIADA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E POLO MINISTERIO DE IGUALDADE (Programa Plan Corresponsables)*

**PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS: SEMANA SANTA 2025****❖ PERSOAS DESTINATARIAS:**

As actividades de “Verán Lúdico” estarán dirixidas a nenas e nenos de entre 3 anos cumpridos no momento da solicitude, ate 16 anos, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Tordoia

**❖ Nº DE PRAZAS DISPOÑIBLES:**

As prazas son limitadas.

Será necesario un número mínimo de participantes para poder realizar a actividade.

**❖ CRITERIOS DE SELECCIÓN:**

O programa vai dirixido a familias con menores de ate 16 anos inclusive. Terán preferencia e con carácter prioritario (debidamente xustificadas documentalmente) a atención a:

- Familias monoparentais materna ou paterna.
- Familias vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra as mulleres.
- Persoas con discapacidade.
- Persoas en risco de exclusión social.
- Unidades familiares en que existan outras cargas relacionados cos coidados.
- Tamén se terán en conta o nivel de rendas familiar e as cargas familiares

En caso de que a demanda supere a prazas ofertadas, Terán preferencias as familias empadroadas no concello de Tordoia. A admisión farase por rigoroso orde de rexistro de entrada nas dependencias municipais.

**❖ REQUISITOS:**

Os requisitos ou condicións de acceso das persoas usuarias son:

- Ter 3 anos cumpridos na data de solicitude das actividades ate 16 anos.
- Valerse por si mesmo para as ABVD segundo a idade.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa

**❖ HORARIO**

As actividades do Verán Lúdico realizaranse en períodos non lectivos, de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres en días laborables.

PROGRAMACIÓN DA XORNADA DIARIA	
09.00 – 10.00 horas	Recepción dos/das participantes. Xogo libre.
10.00 – 10.30 horas	Asemblea. Explicación sobre as actividades do día.
10.30 – 11.30 horas	Actividade 1.
11.30 - 12.00 horas	Merenda. Xogo libre.
12.00 – 13.00 horas	Actividade 2.
13.00 – 13.30 horas	Actividade 3 e preparación para a entrega de participantes.
13.30 – 14.00 horas	Entrega dos/das participantes. Xogo libre

## SOLICITUDE DE PRAZA NO PROGRAMA VACACIÓNS LÚDICAS: SEMANA SANTA 2025

MEDIDA FINANCIADA POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E POLO MINISTERIO DE IGUALDADE (Programa Plan Corresponsables)

**Comunicacións:** Ó final de cada xornada, o monitor/a responsable de cada grupo trasladaralle aos/ás país/nais calquera información relevante sobre o/a participante, na hora da súa recollida.

O Concello de Tordoia resérvase o dereito de efectuar as modificacións de instalacións e horarios que considere oportunas,

### ❖ DURACIÓN:

Os días 14, 15, 16, 17 e 21 de abril de 2025 (incluído Xoves Santo)

### ❖ COTAS:

O período de Semana Santa Lúdica 2025 non é divisible e terán que inscribirse e aboar a totalidade dos días da edición.

PERÍODO	<b>SEMANA SANTA LÚDICA 2025</b> (Días: 14, 15, 16, 17 e 21 de abril de 2025)
EMPADROADOS	10€
NON EMPADROADOS	20€

### ❖ DESCONTOS

Segundo as circunstancias da unidade familiar ou de convivencia, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

UNIDADE FAMILIAR	% DESCONTOS
Nenos e nenas pertencentes a familias numerosas	15%
Nenos e nenas pertencentes a familias monoparentais	15%
Asistencia a actividades de varios/as irmáns/ás	15% (o segundo irmán/á e sucesivos/as)

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude, que deberán ser xustificadas documentalmente

### ❖ LUGAR E DATA DE INSCRICIÓN:

Data: do día 26 de marzo ata o 9 de abril de 2025.

Lugar: Educación familiar do concello de Tordoia (Tlf.: 881 025 972 ou 981 690 001)